

CIDADANÍA E TEATRO

Encontro do Teatro Galego

21 e 22 de Novembro de 2005

Lugar: Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar. Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela



Luns, 21 de Novembro

16:00 horas

Saúdo e APERTURA DO ENCONTRO

Cándido Pazó. Actor, Director e Autor. Presidente da Aadteg

16.30 horas

Mesa 1:

ESTABILIZACIÓN E LOCALIZACIÓN

Análise e propostas sobre distintos modelos de continuidade das equipas creativas e a súa relación cos territorios humanos. Distintas fórmulas e conceptos de vida integral das compañías.

Moderador:

Luciano Fernández. Director do Padroado de Cultura do Concello de Narón

Ponentes:

Ana Vallés. Actriz e Directora. Co-responsábel da Sala Galán

Casilda García. Actriz. Promotora de actividades teatrais na comarca do Morrazo

Anxeles Cuña. Actriz, Autora e Directora

18.15 pausa cafe

18.45 horas

Mesa 2:

FINANCIAMENTO

Alternativas para o incremento e a diversificación do investimento en materia de produción teatral. Imaxinación para o estímulo da iniciativa privada e compromiso na acción pública.

Moderador:

Eduardo Alonso. Autor e Director. Co-responsábel da Sala Yago

Ponentes:

Francisco Sanjjiao. Profesor de Economía Aplicada da Universidade de Santiago

Lino Braxe. Actor, Autor e Director. Promotor de actividades teatrais

Merce Castro. Actriz, Productora e Distribuidora

Martes, 22 de Novembro:

16:00 horas

Mesa 3:

ESTRATEGIAS DE CAPTACIÓN E FIDELIZACIÓN DE PÚBLICOS

Estudo e propostas para o fomento de hábitos de asistencia aos espazos de exhibición teatral. Papel do Teatro Amador como nutriente básico da promoción e xestión de públicos. Outras ferramentas.

Moderadora:

Mabel Rivera. Actriz. Ex-presidente da Aadteg

Ponentes:

Marcos Lorenzo. Economista e Antropológo. Consultor de Proxectos Sociais e Culturais

Artur Trillo. Actor e Director. Promotor da Mostra de Teatro de Cee

Manuel P. Rúa. Responsabel de programación teatral do concello de Moaña

17.45h pausa cafe

18:15 horas

Mesa 4:

VERTEBRACIÓN TERRITORIAL

Corresponsabilidade e coordinación entre as Administracións Públicas na Promoción do Teatro. Participación Pública nas Producións Teatrais. Ordenamento e aproveitamento de espazos para a exhibición. Posta en valor do noso Teatro. Garantías públicas: coñecemento, acceso e uso do Teatro por parte da cidadanía como un ben cultural necesario.

Moderadora:

Flor Maceiras. Actriz. Vocal de Teatro da Aadteg

Ponentes:

Luis Bará. Director Xeral de Creación e Difusión Cultural do Goberno Galego

Celestino Poza. Presidente da Comisión de Cultura da Deputación de A Coruña

Xosé Manuel Fernández. Concelleiro de Cultura do Concello de Ames

20.00 horas

Despedida e CLAUSURA DO ENCONTRO

Manuel Lourenzo. Actor, Director e Autor teatral



Desde mediados da década dos noventa véñse producindo un paulatino deterioro das condicións nas que se desenvolve o teatro galego.

Este deterioro é nomeadamente notorio no que atinxe á exhibición e distribución dos produtos escénicos. No que atinxe, polo tanto, ao público. Desapareceron, ou diminuíron alarmantemente, os primeiros e tímidos intentos de facer “minitemporadas” ou programacións máis ou menos regulares e o “circuíto teatral” pasou a ser un termo cada vez máis vaxío de contido.

Desta maneira non se están a dar pasos, ou están a darse cara atrás, nunha das empresas esenciais para o afianzamento do teatro galego: a de conseguir facer do feito teatral unha referencia nos hábitos culturais e de ocio da cidadanía, dun xeito pode que minoritario pero necesariamente significativo polo público.

Na liña destas consideracións, a Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galiza quere convocar este Encontro no que se fará especial incidencia en todo o que atinxe ao tecido e ás estruturas que posibiliten o acceso da cidadanía -o público- ao feito teatral, e no cómo, en qué medida, por qué e para qué as Administracións Públicas deben garantirlle á cidadanía a posibilidade de disfrutar dun ben que, en canto que cultural e de ocio, é cardinal na moderna e democrática formulación do benestar social, afán no que todo goberno debe empeñarse

Organiza:

Asociación de **Actores Directores e Técnicos** de Escena de Galicia



Patrocina:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais

Pazo de Raxoi, 2º andar. Praza do Obradoiro

15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 56 90 20

Fax: 981 58 86 99

Enderezo electrónico: correo@consellodacultura.org

Comité organizador:

Cándido Pazó (Presidente da Aadteg)

Flor Maceiras e Iolanda Muíños (Vocais de Teatro da Aadteg)

Coordina:

Santi Prego (Revista Escaramuza)